

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024, emítense o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7/85, de 2 de abril (LRBRL).
2. Artigos 162 a 171 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.d. 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP.
4. Artigos 2 a 23 do R.d. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
6. Artigo 20.28 da Lei 37/92, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVE)
7. artigo 3.1, a) do RD 1619/2012, de 30 de novembro, Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (RF)

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Estrutura orzamentaria.

Todos os orzamentos que integran o orzamento xeral da Deputación se formulan segundo a estrutura orzamentaria regulada na referida Lei 39/1988, desenvolvida pola orde de EHA/3565/2008, de 3 de decembro, de aplicación obrigatoria dende o 1 de xaneiro de 2010 e as súas modificacións posteriores.

Tamén se ten en conta o previsto no R.D. 500/90, coñecido como "Regulamento orzamentario", polo que o que subscribe considera que tanto o orzamento xeral como as bases de execución cumpren con carácter xeral ámbalas dúas normas.

Equilibrio orzamentario.

O orzamento xeral consolidado da Deputación preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 193.157.062 € e, se ademais temos en conta que non se necesita financeiro con endebedamento, pódese afirmar que cumpre co requisito do déficit cero.

Capacidade de aforro a curto e longo prazo.

Os ingresos correntes consolidados experimentan un crecemento de 9.548.050 € (5,23%), sendo suficientes para facer fronte aos gastos correntes e permiten un aforro neto orzamentario consolidado que se cifra en 52.140.549 €. Este aforro diminúe 3.769.460 €, é dicir, a capacidade da Deputación para o financiamento de investimentos empeora, pero podería ser mellor se non aumentara tanto o gasto corrente (+13.558.343€).

Tendo en conta a situación económica actual e a previsible para os próximos anos, faise necesario, para evitar que a solvencia da Deputación vexase comprometida e se poida manter no tempo, controlar o crecemento dos gastos correntes estruturais, e seguir coa redución do endebedamento, xa que os ingresos van caer a medio e longo prazo. Así mesmo, é imprescindible non acometer investimentos que xeren moito gasto corrente e limitar ó máximo a realización de gastos plurianuais.



Suficiencia dos créditos para gastos.

As dotacións para facer fronte os compromisos adquiridos estímanse suficientes en función das previsións que se teñen para unha execución normal do orzamento, sen prexuízo de tramitar expedientes de modificación do orzamento durante o exercicio se fose necesario.

Gatos de persoal.

Os créditos para gastos consolidados de persoal da Deputación e os seus organismos aumentan en 1.904.739€ (3,46%), este incremento débese basicamente ao incremento do 1% do ano 2023, non contemplado no presuposto de 2023, e ao incremento do 2% previsto para 2024, das retribucións para o próximo exercicio, e a pequenas variacións nos cadros e relacións de postos de traballo, cuxo detalle figura na proposta de variacións e no informe de Recursos Humanos e Formación.

Realismo das previsións de ingresos.

Conforme se explica na memoria e no informe económico-financieiro, as previsións de ingresos dos distintos conceptos que integran o estado de ingresos considero que son realizables, de modo que se garante a existencia de liquidez para poder facer fronte ás obrigas coa debida prontitude, e evitar un incremento dos custos dos bens e servizos que se compran. Asimesmo, evítase a reclamación de intereses por demora no pagamento.

Bases de execución do orzamento.

As bases de execución do orzamento considero que se axustan, en termos xerais, á normativa que nelas se desenvolve.

Estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

Como para financiar este orzamento non é necesario aumentar o endebedamento da Deputación, o endebedamento diminúe en 240.833€, o mesmo cumpre o requisito da estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

CONCLUSIÓN

Como consecuencia do exposto, infórmase **favorablemente** o orzamento xeral da Deputación para o ano 2024.

O INTERVENTOR,

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

